

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 6º. EDUC. PRIMARIA

- **Lingua Galega e Lingua Castelá**
- **Matemáticas**
- **Ciencias da Natureza**
- **Ciencias Sociais**
- **Valores Sociais e Cívicos**

**CURSO ESCOLAR 2021-2022**

### **TITORAS:**

- **M.<sup>a</sup> JOSÉ BREA RODRÍGUEZ (Titora de 6.º A)**
- **M.<sup>a</sup> JESÚS PREGO PENA (Titora de 6.º B)**
- **M.<sup>a</sup> DOLORES ESCARIZ MARIÑO (Titora de 6.º C)**

- 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.**
- 2. CONTEXTUALIZACIÓN**
- 3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**
- 4. METODOLOXÍA:**
  - 4.1. PRINCIPIOS DIDÁCTICOS.**
  - 4.2. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA.**
    - 4.2.1. A NIVEL PRESENCIAL**
    - 4.2.2. A NIVEL NON PRESENCIAL**
    - 4.2.3. A NIVEL SEMIPRESENCIAL**
  - 4.3. HORA DE LIBRE CONFIGURACIÓN.**
- 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**
  - 5.1 PEQUENAS DIFICULTADES OU RITMO LENTO.**
  - 5.2 ALUMNOS DE INCORPORACIÓN TARDÍA PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO.**
  - 5.3. ALUMNOS CON NEAE.**
- 6. RECURSOS DIDÁCTICOS:**
  - 6.1 RECURSOS PERSOAIS.**
  - 6.2 RECURSOS MATERIAIS.**
  - 6.3 RECURSOS AMBIENTAIS.**
- 7. PROXECTO LECTOR.**
- 8. AVALIACIÓN**
  - 8.1 PARÁMETROS LOMCE**
  - 8.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CON ACTIVIDADE PRESENCIAL**
  - 8.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CON ACTIVIDADE NON PRESENCIAL**
  - 8.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CON ACTIVIDADE SEMIPRESENCIAL**
  - 8.5 AUTOAVALIACIÓN**

## **9. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR (ANEXO I)**

**(Temporalización, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias e temas transversais).**

## **10. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN:**

### **10.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO CON MATERIAS SUSPENSAS**

## **11. CELEBRACIÓN DE OBRIGADO CUMPRIMENTO.**

## **12. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.**

## 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN:

O desenvolvemento desta programación consiste en programar os obxectivos, contidos cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, competencias, estratexias metodolóxicas, recursos empregados, ferramentas de avaliación, medidas para a atención á diversidade e autoavaliación da nosa práctica docente, todo iso especificado en cada unidade e temporalizado.

As actividades resúmense coas que aparecen ao longo das distintas unidades dos diferentes libros de texto ademais de diferentes cadernos que pretenden traballar a intelixencia emocional, a lóxica matemática, a resolución de problemas mellorando o razoamento verbal e matemático, a comprensión lectora, o cálculo mental, etc.

Dita programación, elaborada e consensuada polos compoñentes do nivel, desenvolverase no ano académico 2021-2022 no CEIP "A.D.R Castelao"- Ordes, no **6.º curso de E.P.**

Tal e como establece a LOMCE cada unha das áreas curriculares **contribúe ao desenvolvemento das diferentes competencias**, polo que, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas.

A nosa intervención docente vén determinada polo establecido noutros niveis, basicamente a administración educativa e o noso centro, analizando o seu **Proxecto Educativo** para levar a cabo dita programación, que se adapta e aplica aos **principios e valores** que nel se establecen, entre estes destacamos:

- O valor formativo da tarefa escolar estará no primeiro plano, por medio da adquisición de valores éticos (liberdade, tolerancia e solidariedade). Levarase a cabo unha educación no pluralismo e nos valores democráticos, traballaranse os contidos dos temas transversais e practicarase a coeducación.
- Os contidos transversais serán incorporados tanto ás programacións como á vida diaria no colexio.
- A actuación do centro tenderá a desenvolver as potencialidades do alumnado, ofrecendo unha resposta individualizada e axeitada ás características persoais e sociais.

- Considerando a realidade sociolingüística das familias e do contorno no que está encravado o centro, e tendo en conta a normativa vixente, a lingua vehicular que se empregará en todas as actividades e comunicacións oficiais, tanto internas como externas, será a galega.

Atopámonos nunha etapa de pandemia, de cambios continuos de metodoloxía e de organización curricular que nos vai a afectar á nosa práctica diaria e tamén á hora de desenvolver a nosa programación anual para este sexto nivel. Pensamos, como titoras, que a nosa programación deberá estar guiada e orientada por:

- **Unhas ideas ou aspectos científicos**, é dicir, as ideas teóricas que numerosos autores/as aportan sobre o desenvolvemento do proceso de ensinanza- aprendizaxe.
- **Unas referencias lexislativas básicas de obrigado cumprimento**, que recollerán estes aspectos científicos e os traducirán en normas legais de funcionamento, que desenvolverán a práctica educativa dentro da legalidade.
- **As propias experiencias educativas**, tanto as nosas propias como as dos compañeiros que nos foron enriquecendo ao longo da viaxe do ensino que nos levou polas diferentes etapas e ciclos.

Estas referencias lexislativas básicas serán:

- **Artigo 27 da Constitución, que proclama o dereito á Educación.**
- ***Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.***
- **DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 09/09/14). Derroga o Decreto 130/2007, do 28 de xuño.**
- **Orde de xuño do 2016 polo que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa E. Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021 – 2022 (incluídas as actualizacións posteriores das recomendacións sanitarias do Comité Clínico).**

Polo tanto, a partires da adecuación ao contexto actual da Covid 19 no que nos atopamos, estableceremos unha serie de estratexias de intervención didáctica que, ademais de intentar asegurar a coherencia da práctica educativa, terá como **obxectivo fundamental o desenvolvemento integral de cada neno e nena** ao longo do curso, presencial ou non.

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN:**

As aulas de 6.º están compostas polos recursos materiais suficientes referentes ao mobiliario.

O alumnado está formado por 62 nenos e nenas dun nivel sociocultural medio-baixo da propia vila de Ordes e tamén de parroquias pertencentes ao concello. Contamos tamén con alumnado procedente do estranxeiro, sobre todo de Marrocos e de América Latina. Moitos deles utilizan o servizo de transporte e comedor escolares. Están distribuídos en tres aulas:

Aula de 6.º A: Formada por 21 alumnos/as (9 nenas e 12 nenos), dos cales 2 son repetidores de 6.º; outro é un alumno de incorporación tardía ao sistema educativo español; dous presentan TDAH.

Aula de 6.º B: Formada por 21 alumnos/as (8 nenas e 13 nenos), dos cales 3 son repetidores de 6.º (un deles está escolarizado dous cursos por debaixo da idade, alumno de incorporación tardía ao sistema educativo español); 1 repetidor de 2.º e outro repetidor de 4.º; 3 presentan TDAH, un deles tamén con dislexia. Ademais, cinco alumnos/as precisarán de programas de reforzo en distintas áreas e de recuperación por ter materias suspensas do curso pasado. No resto dos casos verase evolución e actuarase en consecuencia.

Aula de 6.º C: Formada por 20 alumnos/as (10 nenas e 10 nenos), dos cales 2 son repetidores de 6.º; 2 repetiron 1.º; 1 repetidor de 4.º e outro de 5.º. Dous destes alumnos están escolarizados dous cursos por debaixo da idade e outros dous son alumnos de incorporación tardía ao sistema educativo español procedentes do estranxeiro (un deles con AC). Na aula tamén hai 3 nenos diagnosticados de TDAH, un deles tamén con dislexia.

Esta programación ten como base a guía didáctica da editorial coa que estamos traballando na actualidade e nela incluíronse os cambios e adaptacións necesarias para facer dela unha programación real e efectiva que sexa de axuda na aula, ademais de facer unha temporalización axeitada e coordinada entre as tres compañeiras do nivel.

### 3. DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Polo tanto, e seguindo as pautas marcadas pola **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, esta programación desenvolverá as sete competencias básicas do seguinte xeito:

- **Competencia en comunicación lingüística**: empregaremos a linguaxe como medio de comunicación oral e escrita, de construción e comunicación do coñecemento e de regulación das emocións e da conduta. Estaría implícito en obxectivos da programación.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**: utilizando e relacionando os números, as súas operacións básicas, identificando diferentes símbolos ou formas xeométricas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento, tanto para ampliar o coñecemento como para resolver problemas relacionados coa realidade cotiá. Traballaremos esta competencia dende a realidade do neno, e incluíndo dentro do posible, actividades manipuladoras e de experimentación.

- **Competencia dixital**: empregaremos todos os recursos dispoñibles ( aula de informática, ordenadores de aula ) para tratar que os nenos e nenas poidan desenvolver unha correcta aprendizaxe no uso das novas tecnoloxías. Empregaremos calquera tipo de contido para facer presentacións en diversos formatos, manexar aplicacións interactivas , buscar información na rede, e procurar que estes recursos sexan un medio que empreguen de xeito habitual no seu estudo diario ( aula virtual, páxina web, abalar).

- **Competencia para aprender a aprender**: favorecendo as habilidades para interactuar co medio e cos seus iguais, tanto nos seus aspectos naturais como os xerados pola acción humana ( interpretando o mundo e as interaccións entre culturas). Na programación fomentaremos actividades como a observación da realidade (diferentes formas das follas da árbores), pequenas investigacións (a qué arbore pertencen ), e actitudes (para que é necesario conservar ás árbores, o medio).

- **Competencias sociais e cívicas**: facendo comprensible a realidade social, cooperando, convivindo e exercendo a cidadanía nunha sociedade plural, así como facendo que se impliquen e comprometan na súa mellora. Sería tan básico como elaborar unhas normas de comportamento na clase, coa súa participación, e facéndolles comprender que son necesarias para que o proceso educativo sexa máis positivo. Do mesmo xeito que na sociedade existen unhas normas para a súa convivencia e máis nestes tempos de pandemia.

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**: o que supón dispor de habilidades que lle permitan aprender de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, sempre cun sentimento positivo de competencia persoal, que redunde na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por seguir facendo cousas. Con estas idades centraremos esta competencia propoñendo metas alcanzables a curto prazo, facendo motivadoras as tarefas de aprendizaxe, partindo de elementos próximos ao neno/a e implicándoos no proceso educativo.

- **Competencia en expresións culturais**: aprenderán a coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais e utilízalas como fonte de enriquecemento. Traballaremos, por exemplo, a través de narracións que nos posibiliten un coñecemento doutras culturas e favorezan unha actitude de respecto e comprensión para outro tipo de sociedades, ou partindo de creacións propias e libres a partires dunha palabra, unha fotografía, un debuxo ...

#### **4. METODOLOXÍA:**

##### **4.1. PRINCIPIOS DIDÁCTICOS:**

Seguindo os principios redactados na ***Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa***, a nosa práctica educativa será:

- **Globalizada e integradora**: onde os contidos ensinados se relacionen cos das outras materias e cos seus propios coñecementos para que os nenos e nenas poidan establecer pontes cognitivas favorecendo as aprendizaxes significativas.
- **Individualizada**: cómpre que sexamos quen de adaptarnos ás características de cada neno e cada nena atendendo á diversidade existente na aula.



- **Activa:** debemos desenvolver actividades baseadas na experimentación, na investigación e na observación para facelos partícipes do proceso e nós converternos en guías que orienten eses descubrimentos (aprender a aprender).
- **Funcional:** os nenos e nenas deberán atopar sentido nas aprendizaxes e para iso deben ser aplicables e útiles para desenvolverse na súa realidade cotiá.
- **Afectiva:** debemos crear un ambiente cálido e acolledor onde se sintan seguros e poidan traballar con interese e con eficacia desenvolvendo as relacións grupais.
- **Motivadora:** Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Apoiarémonos no emprego das TIC's.
- **Colaboradora:** implicando a todos os elementos da comunidade educativa e tamén establecendo canles de actuación e participación das familias dos nenos e nenas.
- **Lúdica:** sendo o xogo un medio en si para a aprendizaxe de contidos.

## 4.2. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA:

### 4.2.1. A NIVEL PRESENCIAL:

Os principios anteriores estarán concretados no traballo na aula en base a tres tipos de estratexias:

- **Didácticas expositivas:** Presentando a información de xeito sinxelo, breve e previamente organizada, e apoiándonos en todo tipo de recursos, tanto os xa preparados, como outros que poidan xurdir de xeito espontáneo (experiencias previas, contos...)
- **De busca ou indagación:** Que consistirán en guiar aos nenos e nenas para acadar distintas aprendizaxes. Pódese levar a cabo a través dunha aprendizaxe por descubrimento guiada polo mestre (dar pautas para a busca de datos no entorno) ou tamén dándolles liberdade á hora de crear ou chegar a unha conclusión.
- **De reflexión sobre o aprendido:** Buscamos que actúen dun xeito cada vez máis autónomo mediante a gradación e interiorización das actividades, aparecendo en último lugar as que requiren

un maior grao de habilidade e incluíndo unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo (revisión final).

#### **4.2.2. A NIVEL NON PRESENCIAL:**

Practicamente seguiremos traballando como o faciamos na aula, coas estratexias anteriores, só que a plataforma que desenvolverá esas estratexias de intervención serán virtuais, sobre todo aula virtual do curso e aplicacións a través do móbil; tamén se empregarán outros instrumentos de comunicación que cada titor/a considere oportuno para manter o contacto.

Tecnicamente cambiaremos a forma de presentalas e de recollelas, que será a través das aplicacións antes citadas , e o desenvolvemento dos procesos de realización, que, lóxicamente, serán de xeito individual na maior parte dos casos, e terá como espazo de traballo a propia casa do neno ou nena.

Polo demais, o tipo de actividades será moi semellantes ás realizadas na aula.

#### **4.2.2. A NIVEL SEMIPRESENCIAL:**

En canto á ensinanza semipresencial, seguiremos co alumnado que acuda á aula as estratexias citadas na ensinanza presencial.

Mentres que co alumnado que teña que permanecer na súa vivenda, seguiremos as estratexias mencionadas a nivel non presencial, que son moi parecidas ás anteriores. Cambiando principalmente a forma de presentar e recoller as tarefas, que será por medio da aula virtual, aplicacións móbiles ou outros instrumentos de comunicación.

#### **4.3. HORA DE LIBRE CONFIGURACIÓN:**

Xa que a LOMCE fai unha maior demanda do uso das novas tecnoloxías, empregaremos esta hora semanal para traballar , a través do emprego de ordenadores e os proxectores de aula, aspectos relacionados co desenvolvemento curricular.

Visitaremos páxinas web de temática común, aprenderemos a usar certas aplicacións para sacar maior proveito da presentación de contidos ( abalar, aula virtual, páxinas web interactivas...) e , sobre todo, incitaremos aos nenos e nenas a usar estes soportes cun sentido crítico e responsable, como un recurso para ampliar coñecementos e como un medio para tratar a materia dun xeito máis motivador.

O obxectivo é que acheguen, dun xeito cotiá, estas aprendizaxes ao desenvolvemento curricular, aproveitando que o seu desenvolvemento vai posibilitar unha formación imprescindible para levar a cabo as aprendizaxes telemáticas no caso de ser necesarias.

## **5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

Trataremos, nesta programación, de identificar as posibles deficiencias que poidan xurdir ao longo do curso mediante unha atención individualizada que nos permita **observar e analizar o proceso de ensinanza aprendizaxe** de cada un e tamén levar a cabo, se cómpre, as intervencións axeitadas para atallalas :

- Reforzo educativo **(RE)**.

-Adaptación curricular **(AC)**.

Antes de afondar neste apartado é conveniente lembrar algúns aspectos da programación referidos aos nenos e nenas que poidan precisar deste tipo de axuda, como xa introducimos anteriormente.

### **5.1 ALUMNADO CON PEQUENAS DIFICULTADES E RITMO LENTO.**

A primeira meta a acadar é obter un bo clima no aula, acolledor e baseado no respecto aos outros, no que todos os nenos e nenas se expresen sen problemas. Para iso reforzaremos de seguido os pequenos logros que vaian adquirindo. Outra posibilidade de actuación sería a modificación de recursos, da organización, da metodoloxía ou das actividades, reforzando máis os contidos procedimentais e actitudinais e incidindo na adquisición das aprendizaxes máis significativas para aqueles que non sexan capaces de seguir o ritmo habitual da clase. Falaríamos, pois, de reforzo educativo (RE).

## 5.2. ALUMNOS DE INCORPORACIÓN TARDÍA PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO.

Atenderemos de xeito especial aos alumnos procedentes do estranxeiro.

Seguirase cun reforzo educativo a nivel centro e un reforzo máis específico a nivel de aula, traballando con diferentes soportes (audiovisuais, gráficos...) para tratar a información e contidos, e tamén a nivel emocional, para que a súa integración no grupo sexa íntegra a finais do presente curso académico.

## 5.3. ALUMNOS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA.

Como xa recolleemos no apartado 2, onde falamos das características dos grupos e do seu alumnado temos varios nenos/as con reforzo educativo, un neno con AC, catro nenos/as de incorporación tardía e oito alumnos/as con TDAH.

Coa axuda do departamento de orientación, e dos mestres especialistas correspondentes, intentaremos crear unhas rutinas de aprendizaxe onde estes nenos e nenas se integren co grupo dun xeito adecuado e, ao mesmo tempo, unhas pautas de aprendizaxe onde desenvolvan os contidos traballados na aula dunha maneira o máis efectiva posible.

## 6. RECURSOS DIDÁCTICOS:

É importante resaltar que pretendemos que o material non só sexa un recurso educativo no sentido de servir de apoio á aprendizaxe, senón tamén no sentido de facilitar a **adquisición de actitudes, valores e hábitos determinados** .

### 6.1. PERSOAIS:

Ademais dos alumnos/as e o persoal docente, dos que xa falamos anteriormente, poñeremos un especial énfase na **participación activa das familias**, colaborando ben de xeito directo, coa súa presenza, implicándoos no seguimento do proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos/as, ou ben de xeito indirecto, axudándolles aos nenos e nenas na adquisición de diversos útiles para o desenvolvemento dos contidos traballados ( material de refugallo, froitos...) .

Hai que ter en conta que este ano van ser partícipes dun xeito directo na aprendizaxe dos seus fillos e fillas, co que estableceremos as canles oportunas para que a relación centro-familia sexa o máis produtiva posible.

## 6.2. MATERIAIS:

- Impresos: libro de texto, revistas, contos, xornais, láminas, adhesivos...
- Específicos da aula: lapiseiros, cadernos, bolígrafos, estoxos, gomas...
- Audiovisuais: proxectores e pantallas.
- De refugallo: cartóns, botellas de auga mineral baleiras, caixas...
- Informático: O ordenador. Internet. ( aula virtual , abalar...

## 6.3. AMBIENTAIS:

- Do centro: sala de informática, espazos diversos e aula.
- Do entorno: a propia contorna (saída na busca de árbores, froitos, follas...), da vila ...

## 7. PROXECTO LECTOR:

Partimos dunha proposta de actividades globalizadoras e accesibles que invitan a lectura do libro e suscitan o interese dos lectores por coñecer e gozar dos seus contidos.

O proxecto lector de sexto curso xirará en torno a tres eixes:

### - O aproveitamento do tempo marcado no proxecto lector do centro:

Deixaremos liberdade na elección de libros para que ese tempo de lectura lles resulte pracenteiro.

Empregaremos a biblioteca de aula para facerlles máis doado o cambio de libros, se así o desexan.

### - As lecturas e textos das distintas materias curriculares:

Aproveitaremos a información contida nos diferentes libros de texto e outras fontes que poidan favorecer o desenvolvemento lector do alumnado.

Antes de ler un texto interésanos crear modelos mentais para unha mellor integración del, relacionándoos cos nosos coñecementos previos. Para iso utilizaremos **o título e as ilustracións.**

A partir destes animamos aos alumnos que expresen oralmente o que saben do tema ou conto, que fagan conxecturas acerca do que lles pode pasar aos personaxes, problemas, solucións...

Para despois da lectura ofreceremos dous tipos de actividades: unhas máis dirixidas, para comprobar a **comprensión do relato** e outras de carácter máis imaxinativo nas que o neno aprende a utilizar o libro como modelo para a súa **expresión creativa**.

Este ano, en principio, non podemos empregar a biblioteca de xeito presencial ( colleremos libros como titores para facer unha biblioteca de aula) debido ao protocolo *covid* do colexio que impide compartir espazos comúns.

## 8. AVALIACIÓN:

### 8.1. PARÁMETROS LOMCE:

Cabe ter en conta, á hora de avaliar neste curso, estes tres parámetros que a **LOMCE** explica do seguinte xeito:

- **Criterios de avaliación:** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias.

- **Estándares de aprendizaxe avaliáveis:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina; deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

- **Avaliación final individualizada** a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o sexto curso de educación primaria, segundo dispoña a Administración educativa, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan corrixir as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

## 8.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CON ACTIVIDADE PRESENCIAL:

Con respecto aos criterios de cualificación queremos especificar que todos os contidos avaliados mediante probas escritas e/ou orais terán un peso na nota final dun **60%**. Todo o alumnado debe obter unha nota mínima de 4 nestas probas obxectivas para que se lle teña en conta o 40% restante.

O **40 %** restante estará constituído polos seguintes criterios procedimentais e actitudinais:

- Participación nas actividades de aprendizaxe propostas na aula de orde voluntaria ou obrigatoria.
- Atención e actitude na aula.
- Remate das tarefas e traballos en tempo e condicións esixidas.

Este procedemento contemplarase en todas as unidades didácticas de todas as materias que se desenvolven ao longo desta programación.

\* No caso de **avaliación negativa** ( tanto do nivel anterior ou do nivel actual) :

- Nas linguas e matemáticas, ao ser avaliación continua, quedará recuperada cando aprobe a seguinte avaliación xa que nas probas incluiremos contidos básicos dos trimestres anteriores.
- En sociais e naturais faremos unha media aritmética das probas feitas ao longo do curso. No caso de resultar negativa, faremos unha proba final onde se recollan os contidos non superados polos alumnos ou alumnas.
- En valores sociais e cívicos daremos a oportunidade de presentar de novo os traballos ou actividades avaliadas negativamente.

## 8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CON ACTIVIDADE NON PRESENCIAL:

Na actividade non presencial estableceremos outros procedementos para establecer as porcentaxes de cara a avaliación das tarefas.

Así, **nas linguas, matemáticas, ciencias sociais e ciencias naturais**, repatirémola da seguinte maneira:

Os contidos avaliados mediante probas escritas e/ou orais mediante videoconferencia ou aula virtual terán un peso na nota final dun **40%**.

O **60%** restante estará constituído por criterios actitudinais e procedimentais, que se repartirán da seguinte maneira:

- Realización das actividades de aula virtual **(40%)**.

Valoraremos o remate das tarefas e traballos en tempo e condicións esixidas e unha boa presentación ( caligrafía, ortografía, distribución de espazos, limpeza...) .

- Participación e responsabilidade en relación cos contidos propostos **(20%)**.

Valoraremos o interese e a actitude amosadas polas distintas tarefas ou actividades, así como a curiosidade e a vontade de realizalas.

#### **8.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CON ACTIVIDADE SEMIPRESENCIAL:**

Neste caso, co alumnado presente na aula seguiremos os criterios e procedementos que xa citamos anteriormente para a actividade presencial.

Mentres que co alumnado que permaneza nas súas vivendas, levaremos a cabo os procedementos recollidos para a avaliación non presencial.

#### **8.5. AUTOAVALIACIÓN:**

Neste apartado farase unha análise baseada na observación sistemática do proceso de ensinanza aprendizaxe desenvolvido durante todo o ano. Para iso, ao remate de cada tema, faremos unha reflexión sobre os seguintes aspectos:

**- As actividades:**

- Se foron ou non axeitadas para acadar os obxectivos e contidos previstos.
- Se foron adecuadas ao nivel dos nenos e nenas e progresivas na súa dificultade.
- Se foron enriquecedoras e variadas, enfocando os temas dun xeito motivador.

**- O noso papel como mestres/as:**

- Se a preparación das actividades foi axeitada ou debía reforzar algúns aspectos.



- Se estivemos atentos aos nenos/as cos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Se os recursos elixidos foron os axeitados para desenvolver as actividades.

Por suposto tamén se contaría coas **opinións dos mestres especialistas, dos pais e nais** e coas anotacións que fosemos recollendo na observación das tarefas a desenvolver ao longo das actividades realizadas.

## **9. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DAS MATERIAS (ANEXO I):**

O desenvolvemento curricular ( estándares, obxectivos, criterios de avaliación...) estará baseado, principalmente, nos propostos polas distintas editoriais coas que traballamos ao longo do curso, adaptándoas ás necesidades educativas de cada aula.

Daremos, no caso da actividade sexa non presencial , os códigos dos libros interactivos para que os nenos e nenas poidan seguir coa maior normalidade posible a aprendizaxe dos contidos dende a súa casa.

**Presentámolas dun xeito individual no Anexo I desta programación.**

## **10. PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN:**

### **10.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO CON MATERIAS SUSPENSAS:**

Requirirase para este alumnado reforzo educativo con profesorado dentro da aula durante o curso para tratar de superar canto antes as materias suspensas.

## **11. CELEBRACIÓNS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO:**

Antes de nada, cabe dicir que a maioría destas actividades, se as circunstancias non cambian, terán que facerse a nivel de aula, sen deixar de lado a posibilidade de poñer en común (nos corredores, con partes diferenciadas para cada nivel) todos os traballos realizados ao longo do curso.

O Equipo do 6.º nivel de educación primaria celebrará, como mínimo, as conmemoracións establecidas na Orde do 19 de maio de 2021 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 ao 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente.

## 12. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

### ● MATERIA DE LINGUA GALEGA:

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación inicial:		do 9 ao 17 de setembro
1	A chave do mundo	do 20 de setembro ao 8 de outubro
2	A Illa do Tesouro	do 12 ao 30 de outubro
3	Traballo en equipo	do 1 ao 19 de novembro.
4	O profesor de música	do 22 de novembro ao 10 de decembro
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 13 ao 21 de decembro
5	O xenio e o vermeño	do 10 ao 28 de xaneiro
6	A loba branca	do 31 de xaneiro ao 11 de febreiro
7	Vai polo mar	do 14 de febreiro ao 4 de marzo
8	Vén polo vento	do 7 ao 18 de marzo
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 21 ao 25 de marzo
9	Na casa da tía Perfecta	do 28 marzo ao 8 de abril
10	No outro lado do mar	do 18 ao 29 de abril
11	Escrito na auga	do 2 ao 13 de maio
12	Última estación	do 16 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño

- MATERIA DE LINGUA CASTELÁ:**

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación inicial		do 9 ao 17 de setembro
1	¡Pínteme un retrato!	do 20 de setembro ao 8 de outubro
2	Doña Tres	do 11 ao 29 de outubro
3	Julio Verne	do 1 ao 19 de novembro
4	Fauna poética	do 22 de novembro ao 10 de decembro
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 13 ao 21 de decembro
5	Esto es Troya	do 10 ao 28 de xaneiro
6	Nuestro pequeno mundo	do 31 de xaneiro ao 11 de febreiro
7	Preguntas curiosas	do 14 de febreiro ao 4 de marzo
8	Versos viajeros	do 7 ao 18 de marzo
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 21 ao 25 de marzo
9	Sueños	Do 28 de marzo ao 8 de abril
10	La jirafa	do 18 ao 29 de abril
11	Jasón y los argonautas	do 2 ao 13 de maio
12	Poesía cotidiana	do 16 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño

- MATERIA DE MATEMÁTICAS:**

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación inicial		do 9 ao 17 de setembro
1	Números y operaciones	do 20 de setembro ao 8 de outubro
2	Potencias y raíz cuadrada	do 11 ao 29 de outubro
3	La divisibilidad	do 1 ao 19 de novembro
4	Números positivos y negativos	do 22 de novembro ao 10 de decembro

Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 13 ao 21 de decembro
5	Los números decimales	do 10 ao 28 de xaneiro
6	Las fracciones	do 31 de xaneiro ao 11 de febreiro
7	Operaciones con fracciones	do 14 de febreiro ao 4 de marzo
8	Porcentajes y proporcionalidad	do 7 ao 18 de marzo
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 21 ao 25 de marzo
9	Sistemas de medidas	do 28 de marzo ao 8 de abril
10	El sistema sexagesimal	do 18 ao 29 de abril
11	Perímetros y áreas	do 2 ao 13 de maio
12	Estadística y proporcionalidad	do 16 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño

● **MATERIA DE CIENCIAS DA NATUREZA:**

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación inicial		do 9 ao 17 de setembro
1	Estrutura e funcións dos seres vivos	do 20 de setembro ao 29 de outubro
2	Os animais	do 1 de novembro ao 10 de decembro
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 13 ao 21 de decembro
3	A nutrición humana	do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro
4	A reprodución humana	do 14 de febreiro ao 18 de marzo
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 21 ao 25 de marzo
5	A materia e os seus cambios	do 28 de marzo ao 29 de abril
6	A enerxía. A electricidade e o magnetismo	do 2 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño

- MATERIA DE CIENCIAS SOCIAIS:**

UNIDADE	TEMAS	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación inicial		do 9 ao 17 de setembro
1	O relevo e a hidrografía de España	do 20 de setembro ao 29 de outubro
2	O medio físico en Europa. Os problemas ambientais	do 1 de novembro ao 10 de decembro
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 13 ao 21 de decembro
3	As actividades económicas en España e en Europa	do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro
4	España e a Unión Europea	do 14 de febreiro ao 18 de marzo
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 21 ao 25 de marzo
5	España no século XIX	do 28 de marzo ao 29 de abril
6	España nos séculos XX e XXI	Do 2 de maio ao 3 de xuño
Avaliación, reforzo e ampliación das distintas unidades.		do 6 ao 21 de xuño

- MATERIA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:**

1	Son estupendo	Do 9 ao 17 de setembro
2	Sei controlarme	Do 20 de setembro ao 1 de outubro
3	Supero as dificultades	Do 4 ao 15 de outubro
4	Propóñome retos	Do 18 ao 29 de outubro
5	Un mundo de negocios	Do 1 ao 12 de novembro
6	Comprométome	Do 15 ao 26 de novembro

7	Tomo decisións morais	Do 29 de novembro ao 21 de decembro
8	Comunicámonos	Do 10 ao 14 de xaneiro
9	Dialogamos e aprendemos	Do 17 ao 21 de xaneiro
10	Comprendo e axudo aos demais	Do 24 ao 28 de xaneiro
11	Gústame coñecer xente diferente	Do 31 de xaneiro ao 11 de febreiro
12	Dereitos e deberes	Do 14 ao 25 de febreiro
13	Rexeito a discriminación	Do 28 de febreiro ao 11 de marzo
14	Primeiros auxilios	Do 14 ao 25 de marzo
15	Axudámonos	Do 28 de marzo ao 8 de abril
16	Podemos entendernos	Do 18 ao 29 de abril
17	A constitución española	Do 2 ao 6 de maio
18	Unha sociedade por e para todos	Do 9 ao 20 de maio
19	Ás veces non sei que facer	Do 23 ao 27 de maio
20	Respectar a natureza	Do 30 de maio ao 10 de xuño
21	Atrapados na rede	Do 13 ao 21 de xuño